2 A-(COMPASES) (1 PTO)		
	2.B. TONALIDADES (1 ptos)	
	2C. INTERVALOS. (1 ptos)	
	4. INSTRUMENTOS (1 ptos)	
		3. AUDICIONES (3 ptos)
5. NOTAS Y FIGURAS. (1.5 PTOS)	5 (LECTURA) (1 ptos)	
		6. COMPOSICIÓN E NN TT (2 pto)
7. DICTADO Y REPETICIÓN (3 PTOS) (5 primeros Esquemas)	7. DICTADO Y REPETICIÓN (1,5 PTOS) (Los 5 segundos esquemas)	
8 (INSTRUMENTAL) (1.5 PTOS)		
	9 (MOVIMIENTO) (1,5 ptos)	
		10 (VOCAL) (2 ptos)

O desglose e desenvolvemento de cada un dos contidos figura na [táboa](#) do apartado B.1.2. referida aos contidos do curso.

Para superar a avaliación correspondente e a materia o alumno deberá superar os contidos mínimos que figuran en negra e sombreado máis escuro e obter unha puntuación igual ou superior a 5 entre a nota do exame e a da clase.

- **1ª Avaliación.** O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5 e superar o contido **5** (Notas e figuras) e **8** (Instrumental)

- **2ª Avaliación.** O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5, superar os mínimos **4**(Instrumentos) e **5** (Solfeo), e recuperar o mínimo obrigatorio de interpretación instrumental da avaliación anterior no caso de non telo xa superado.

- **3ª Avaliación.** Para superar a materia o alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5, superar o mínimo **3** (Audicións) e **10** (Interpretación vogal) E recuperar os mínimos obrigatorios que non teña superados nas avaliacións anteriores.

3º ESO . DISTRIBUCIÓN POR AVALIACIÓNS DOS CONTIDOS, CONTIDOS MÍNIMOS, E PUNTUACIÓN DE CADA UN NO EXAME DE AVALIACIÓN (50% DA NOTA TOTAL).

1ª AV	2ª AV	3ªAV
1 TEÓRICO (3 PTOS)Temas 1.2.3.		
	1 TEÓRICO (3 ptos) Temas 4.5.6.	
		1. TEÓRICO (3 ptos) Temas 7.8.9.
2 A-(COMPASES) (1 PTO)		
	2.B. TONALIDADES (1 ptos)	
	2C. INTERVALOS. (1 ptos)	
		4. NNTT (2 ptos)
		3. AUDICIONES (2 ptos)
5. LECTURA MUSICAL (1.5 PTOS) (7 primeros esquemas)	5 (SOLFEO) (1 ptos) (Esquemas 8 a 15)	
	6. COMPOSICIÓN (1 pto)	
7. DICTADO+ IMITACIÓN (3 PTOS) (Los siete primeros esquemas)	7. DICTADO+ IMITACIÓN (1,5 PTOS) (Los 8 segundos esquemas)	
8 (INSTRUMENTAL) (1.5 PTOS)		
	9 (MOVIMIENTO) (1,5 ptos)	
		10 (VOCAL) (3 ptos)

O desglose e desenvolvemento de cada un dos contidos figura na [táboa](#) do apartado B.2.2. referida aos contidos do curso.

Para superar a avaliación correspondente e a materia o alumno deberá superar os contidos mínimos que figuran en negra e sombreado máis escuro e obter unha puntuación igual ou superior a 5 entre a nota do exame e a da clase.

- **1ª Avaliación.** O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5 e superar o contido mínimo **5** (Lectura musical) e **8** (Instrumental)
- **2ª Avaliación.** O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5, superar os mínimos **5**(Lectura musical) e **6** (Composición), e recuperar o mínimo obrigatorio de interpretación instrumental da avaliación anterior no caso de non telo xa superado.
- **3ª Avaliación.** Para superar a materia o alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5, superar o mínimo **3** (Audicións) e **10** (Interpretación vogal) E recuperar os mínimos obrigatorios que non teña superados nas avaliacións anteriores.

4º ESO. DISTRIBUCIÓN POR AVALIACIÓNS DOS CONTIDOS.

A) CONCEPTUAIS E PROCEDIMENTAIS:

1ª AVALIACIÓN:

4º ESO - 1ª AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS CONCEPTUAIS E PROCEDIMENTAIS:

1.a) FUNCIONS DA MÚSICA. (Pax 57: Música y Tecnología) + b)Ficha Resumen: Propiedades do son e elementos da música.

Exame: 5 preguntas da ficha resumen, e 4 da pax 57. Cada pregunta vale un pto. Supérase cada apartado coa metade da puntuación correspondente.

2. CRÍTICA FUNDAMENTADA.

Entrega dun comentario crítico sobre cada unha das audicións do Contido 03 con argumentación baseada en información obtida de diversas fontes que se citarán na ficha. Extensión: Duas carillas entre as 6 audicións.

3.IDENTIFICACIÓN E COMENTARIO DUNHA AUDIÇÃO de entre as seguintes: -----(1 pregunta no exame)

Audicións: 01-3-1-cd1- 02- 3-2-cd1- 03- 3-3-cd1- 04- 3-4-cd1- 05- 3-5- cd1 - 06-3.7-cd1- do CD1- Hai que dicir: Título, autor, época e unha característica.

4. PROCESOS DE CREACIÓN EDIÇÃO E DIFUSIÓN.

Entrega dun resumo e comentario da sección Profesiões musicais feito na clase coa axuda do libro.(a)pax 47-Compositor;b)50-Diseñador acústico;c)54-Empresario musical). Extensión, unha carilla por artigo.

5. SONORIZAR

a) Sonorizar en Power Point unha secuencia de 5 imaxes fixas aportadas por eles con 5 sons e música de fondo.

b) Sonorizar unha secuencia de imaxes en movemento elixindo e aportando eles os fragmentos musicais e sonoros axeitados ao contido da mesma e colocados no lugar correcto. Mínimo: 5 sons ou fragmentos musicais

6. NOVAS TECNOLOXÍAS.

a) Introducción e reprodución dunha partitura nun **secuenciador**. Intensidade: Introducir matices. Grabación e localización do tema creado no ordenador.

b) Grabación dixital dun son nun **editor** :(amosar a altura, a intensidade, o timbre e a duración) . Efectos normalizar. Grabación e localización do son creado no ordenador.

c) **Mapa sonoro do Instituto. Traballo feito en clase nun editor de textos que inclúa unha tabla de Excel, algún exemplo visual e sonoro e algún hipervínculo.**

7 PROXECTO MUSICAL

Realización en Movie Maker ou Pitivi dun video seguindo as indicacións do profesor.

8. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL:

A) Unha canción coa fruta de entre as aportadas polo profesor:

B) Unha canción en grupo.

9. MOVEMENTO:

a) Marcar o **pulso** aplaudindo o tempo que camiñan en círculo, cambian o sentido da marcha cara fora do círculo ó cambiar a frase musical.

b) Realización dun exercicio de expresión corporal en grupo con música aportada por eles creando un tema propio de trinta segundos cun 1 ambientes sonoro e dous sons.

10. INTERPRETACIÓN VOCAL:

a) Respiración correcta costodiafragmático-abdominal.

b) Cantar unha canción en grupo. (non puntua afinación)

2ª AVALIACIÓN:

4º ESO- 2ª AVALIACIÓN TEMAS 2 3 CONTIDOS MÍNIMOS CONCEPTUAIS E PROCEDIMENTAIS.
1. TEÓRICO: a) FUNCIONS DA MÚSICA. (Pax 93+ pax 131) + b)Ficha Resumo: Propiedades do son e elementos da música. Exame:3 preguntas de cada páxina e 3 da ficha resumo. Cada pregunta vale un pto.. Supérase cada apartado coa metade da puntuación correspondente.
2. CRÍTICA FUNDAMENTADA. Entrega dun comentario crítico sobre cada unha das audicións do Contido 03 con argumentación baseada en información obtida de diversas fontes que se citarán na ficha. Extensión: Duas carillas entre as 6 audicións.
3. IDENTIFICACIÓN E COMENTARIO DUNHA AUDIÇÃO: (Inclúe xa o da avaliación anterior).----- (Unha pregunta por control) Audicións: As da avaliación anterior e ademáis: 07-cd1 5-2--08-6-1- cd1- 09- 6-2- cd1- 10 – 6-3- cd1- 11-6-4-cd1- 12- 6-5-cd1- -----Hai que dicir: Título, autor, época e dúas características.
4. TEÓRICO: PROCESOS DE CREACIÓN EDICIÓN E DIFUSIÓN. Entrega dun resumo e comentario da sección Profesiões musicais. (d)pax 86-Compositor cinematográfico;e) pax 90-Productor musical;f)124-Crítico musical;g) Pag 128- Intérprete).
5. SONORIZAR a) Sonorizar en Power Point unha secuencia de 10 imaxes fixas aportadas por eles con 10 sons e música de fondo b) Sonorizar unha secuencia de imaxes en movemento elixindo e aportando eles os fragmentos musicais e sonoros axeitados ao contido da mesma e colocados no lugar correcto. Mínimo: 10 sons ou fragmentos musicais
6. NOVAS TECNOLOXÍAS. (Inclúe o 6 da Avaliación anterior) a) Secuenciador e editor de Audio: Pasar a audio o tema introducido no secuenciador na avaliación anterior, engadirlle dúas pistas, nunha facerlle a harmonía co secuenciador e noutra introducir a letra e logo grabalo mezclado. b) Traballo realizado en Power Point sobre os efectos do ruído que inclúa exemplos sonoros e visuais e algún gráfico e hipervínculo.
7 PROXECTO MUSICAL Realización en Movie Maker ou Pitivi dun spot publicitario.
8. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL. (Inclúe xa o 8 da 1ª avaliación) a) Dúas cancións coa fruta de entre as aportadas polo profesor. b) Dúas cancións de entre as anteriores.
9. MOVEMENTO (Inclúe xa o 9 da 1ª avaliación) a) Montaxe e interpretación dunha pequena coreografía en grupo. b) Realización dun exercicio de expresión corporal en grupo con música aportada por eles creando un tema propio dun minuto con dous ambientes sonoros e 4 sons.
10. INTERPRETACIÓN VOCAL: (Inclúe xa o 10 da 1ª avaliación) a) Respiración correcta costodiafragmáticoabdominal. b) Cantar en pequeno grupo con certa afinación algunha das cancións dadas no contido 8a. c) Cantar con afinación dúas notas a distancia de terceira menor. (mi- sol)

3ª AVALIACIÓN:

4º ESO - 3ª AVALIACIÓN	CONTIDOS MÍNIMOS CONCEPTUAIS E PROCEDIMENTAIS.
1. TEÓRICO: a) FUNCIONS DA MÚSICA. (Pax 197) + b)Ficha Resumo: Propiedades do son e elementos da música. Exame: 5 preguntas da ficha resumo, e 4 da pax 197. Cada pregunta vale un pto.. Supérase cada apartado coa metade da puntuación correspondente.	
2. CRÍTICA FUNDAMENTADA. Entrega dun comentario crítico sobre cada unha das audicións do Contido 03 con argumentación baseada en información obtida de diversas fontes que se citarán na ficha. Extensión: Duas carillas entre as 6 audicións.	
3 .IDENTIFICACIÓN E COMENTARIO DUNHA AUDICIÓN: e coñecemento dos nomes e datas dos principais PERÍODOS na historia da música. O Comentario haberá de realizarse co vocabulario e terminoloxía axeitada. Audicións: As da avaliación anterior máis (cd1 -17.5) - cd1-16--cd1-18-4- -cd1-20-3- cd1-20-6- cd1- 15-7 Hai que dicir: Título, autor, época e tres características. -(Unha pregunta en cada control)	
4. TEÓRICO: PROCESOS DE CREACIÓN EDICIÓN E DIFUSIÓN. Entrega dun resumo e comentario da sección Profesións musicais. (pax 192-Un grupo musical 196-Una estrela del rock). Extensión, unha carilla por artículo.	
5. SONORIZAR a) Sonorizar en Movie Maker ou Pitivi 15 imáxenes fixas donde se pueda leer la letra del tema al mismo tiempo.. b) Sonorizar unha secuencia de imaxes en movemento proporcionada polo profesor elixindo e aportando eles os fragmentos musicais e sonoros axeitados ao contido da mesmae colocados no lugar correcto. Mínimo: 15 sons ou fragmentos musicais	
6. NOVAS TECNOLOXÍAS. (Inclúe o 6 da Avaliación anterior) a) Edición e mellora do traballo feito neste apartado na avaliación anterior. b) Traballo realizado en Power Point sobre o ruído e os xóvenes que inclúa exemplos sonoros e visuais e algún gráfico e hipervínculo.	
7 PROXECTO MUSICAL a) Creación dun video co soporte acústico da grabación do contido 8 seguindo as instrucións do profesor e con imaxes fixas previamente editadas nas que se poda ver a letra do tema integrada nas imaxes. b) Creación dun sinxelo videoxogo en Scracht seguindo as indicacións do profesor.	
8. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL A) MELÓDICA INDIVIDUAL: interpretación coa frauta de tres cancións entre as aportadas polo profesor. B) MELÓDICA EN PEQUENO GRUPO (max 4) Interpretación de tres cancións entre as anteriores.	
9.MOVEMENTO: a) Montaxe e interpretación dunha pequena coreografía en grupo. b) Realización dun exercicio de expresión corporal en grupo con música aportada por eles creando un tema propio de minuto e medio con tres ambientes sonoros diferentes e 6 sons.	
10. INTERPRETACIÓN VOCAL a) Respiración correcta costodiafragmáticoabdominal. b) Cantar en pequeno grupo algunha das cancións dadas no contido 8a. (Puntúase xa a afinación en función da evolución e o traballo do alumno) c) Entoar afinadamente tres notas (3ªm+2ªM) (mi sol,la) Se valorarán a dificultades persoais xunto ao esforzo realizado e se tentará adaptar á súa tesitura no seu caso. d) Interpretación correcta da letra do tema creado no contido 6a sen melodía. (estilo rap)	

Estes indicadores constituirán polo tanto o 50% da nota e son un requisito imprescindible para superar a materia. A única excepción constituirá a non superación dun deles, ou de dous se a puntuación en comportamento non excede -1 ptos en negativo.

B) ACTITUDINAIS:

Os contidos actitudinais amósanse unidos e intrínsecamente coa educación en valores que figura na programación. Asimesmo, inda que a puntuación do comportamento non afecte directamente á nota sí o fará no caso dos decimais tal e como se establece nos criterios de calificación e dacordo coas normas publicadas e dadas a coñecer aos alumnos. Entre ditos contidos, inseparables nesta materia dun xeito moi especial do resto dos contidos destácanse os seguintes:

1. Traer o material escolar necesario para a materia.
2. Aceptación e cumprimento das normas básicas sante a práctica musical e a audición.
3. **Participar** e realizar todas as actividades que se plantexen na aula ou se manden para casa como mínimos obrigatorios, demostrando a actitude adecuada en cada unha delas e usando os **instrumentos** da maneira correcta e no momento preciso.
4. Ter unha actitude de **respecto** cara os compañeiros e cara o profesor
5. Valoración do silencio como integrante fundamental do feito sonoro e como marco imprescindible para a actividade musical.
6. -Hábito no coidado e mantemento do instrumental propio ou da aula.

O profesor fará un seguimento individualizado do comportamento de cada alumno en base as normas de comportamento dentro do aula que explicará claramente ao principio do curso, adxudicándolle unha puntuación que será tida en conta tamén para o redondeo dos decimais.

H. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1. A puntuación do alumnado. As calificacións acadadas polo alumnado, se o nivel previo é o nivel de esixencia son os axeitados, son a primeira mostra para avliar se o proceso de ensino e a práctica de ensino foron positivos.
2. Indicadores de comportamento do alumnado: O comportamento do alumnado considérase en xeral un bo indicador para amosar o interese do mesmo na materia, tanto nas partes da mesma que os motiven mais como sobre todo nas restantes. Ditos indicadores aparecen na puntuación do comportamento do alumnado, do que se leva un rexistro de calqueira chamada de atención así como dos comportamentos positivos. Hai que lembrar que dito comportamento, nesta materia, é practicamente inseparable do funcionamento correcto do proceso de ensino, sobre todo na parte práctica.
3. Puntuación do alumnado dos criterios de Avaliación. Ao principio de curso cada alumno puntuará a importancia que ao seu xuízo ten cada criterio de avaliación na materia. Dita puntuación repetirase de novo ao finalizar o curso. Deste xeito poderanse quitar as medias de cada criterio e bloque e extraeranse conclusións sobre as partes que máis os motivan, e dos cambios que se producen ao longo do curso, de xeito que isto poderá ser tido en conta tamén como un posible mecanismo de revisión, avaliación e modificación no seu caso da propia programación.

I. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A avaliación continua abrangue os cursos 2º e 3º de xeito que coa superación de 3º de ESO quedará automaticamente recuperado o curso de 2º ESO.

Asimesmo, inda que a avaliación será continua durante o curso de 4º ESO, o tratamento curricular diferenciado deste curso implicará a avaliación continua durante o curso, pero o aprobado de 4º non implicará o aprobado dos cursos anteriores.

A Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 6.6 establece que o alumnado que **promocione de curso sen ter superado todas as materias** seguirá un **programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas** e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa. A avaliación do programa de reforzo será tida en conta para os efectos de cualificación das materias non superadas. Correspóndelles aos departamentos didácticos a organización destes programas. Cada profesor ou profesora desenvolverao no curso no que imparte docencia. Os centros educativos organizarán os procesos de avaliación da recuperación das materias pendentes.

Por outra banda. No artigo 6.8 establece que o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso estará suxeito a un **plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas** co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas. Isto último parece coherente co establecido no artigo 12.2 da Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995) que establece que cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis nun ciclo ou curso, segundo o establecido para o efecto para as diversas etapas, deberá seguir **medidas de reforzo ou adaptacións** curriculares, de xeito que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desajustes detectados no alumno.

Na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria establécese na disposición Quinta B) Programas para todo o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria desenvolvendo a concreción das disposicións anteriores. Así se establece que os alumnos repetidores de 2º 3º e 4º seguirán un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado tutor do curso anterior no Informe de avaliación final, e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial. Este programa será elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

Dacordo co anterior a recuperación das aprendizaxes non adquiridas establécese do seguinte xeito nesta materia:

Co aprobado do 3º curso da ESO queda 2º, dado que a avaliación nestes cursos 2º e 3º será continua. En 4º, a superación dunha avaliación implicará o aprobado das anteriores inda que non suporá a superación da materia pendente en 2º ou 3º.

PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE:

Os alumnos poderanse presentar ao **exame de pendentes** na data fixada polo centro e cos criterios de avaliación e tipo de exame que se publicará previamente na porta da aula.

A puntuación dos exercicios realizados correctamente polo alumno durante o curso engadirase á nota acadada no exame. Dita puntuación publicarase na porta do aula unha semana antes á realización do exame. Se dita puntuación supera o 5 e o alumno supera os dous contidos mínimos obrigatorios (interpretación instrumental e lectura musical), o alumno non tería que presentarse ao exame dándosele por aprobada a materia.

A táboa coa puntuación asignada a cada bloque de exercicios publicarase tamén na porta do aula con suficiente antelación.

O profesor facilitaralle a cada alumno, aparte dos exercicios do programa de reforzo, os exercicios de **reforzo individuais** que precise e solicite para traballar os contidos mínimos fixados na programación.

Todos os **exercicios** anteriores, que serán postos a disposición do alumnado en conserxería, poderán ser utilizados como reforzo tamén por aquel alumnado que o precise.

O estar suficientemente claros tanto os contidos mínimos como a súa avaliación, o alumnado saberá en todo momento qué contidos mínimos lle faltan por superar e cales lle resultan máis difíciles o en cales requeriría reforzo, de xeito que o propio alumno pode tomar a iniciativa en todo momento para regular o seu avance na materia así como para recuperar aqueles contidos que lle resultan máis complicados. Deste xeito o profesor deixará un certo marxe para que sexa o propio alumno quen tome a decisión de mellorar as aprendizaxes. Inda así, en determinados casos será preciso a intervención directa do profesor, que lle indicará ao alumno que debe mellorar nalgún contido determinado e lle dará os medios, exercicios e explicacións para elo.

Por outra banda, dado o tratamento da materia como “continuum” haberá unha lóxica diferenza entre o alumnado que este ano ten música de aquel que non a ten dado que o aprobado dunha avaliación implicará a recuperación dos aprendizaxes non adquiridos ata ese momento no curso. Isto implica que nalgúns casos é posible que algún alumno coa materia suspensa anteriormente non precise de reforzo cando o funcionamento actual supoña unha clara melloría e vaia recuperando pouco a pouco os aprendizaxes inda non adquiridos ata ese momento. Deste xeito o Departamento analizará en profundidade os resultados acadados na primeira avaliación a fin de decidir o alumnado que precisará un seguimento máis personalizado ou algún tipo de medidas de

reforzo comunicándollo segundo establece o artigo 4.2.b da Orde de 6 de Outubro de 1995 ao titor correspondente.

Con antelación suficiente publicarase na porta da aula o tipo de **exame** de recuperación cos criterios de calificación. Asimismo publicaranse tamén datos e **explicacións** de axuda para facer cada unha das preguntas.

Por outra banda, calquer alumno que precise axuda para algún tipo de contido mínimo poderá solicitar ao profesor unha folla con **exercicios** e explicacións sobre eles que lle poderán subir a puntuación, asímesmo, se con iso no é suficiente, poderá solicitar tamén exercicios específicos e **individuais** para él ou tamén solicitar con antelación un **recreo** no que o profesor tentará reforzar aqueles aprendizaxes inda non adquiridas.

PROGRAMA ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNOS REPETIDORES.

Este programa seguirá todas indicacións dadas nos apartados anteriores, inda que terá tamén un seguimento máis individualizado dadas as instrucións dadas na Circular citada, que especifica claramente que dito programa deberá incluír actividades de aprendizaxe para relizar semanalmente. Deste xeito, e a partir das fichas de reforzo existentes para cada un dos contidos establecidas para o programa de reforzo explicado anteriormente o alumno deberá entregar un exercicio semanal de cada un dos contidos mínimos que lle falte por acadar. O profesor correxirá tales exercicios e comunicarllo ao titor.

Para a Avaliación deste programa, o Departamento levará unha folla de rexistro onde figurarán os mínimos de cada alumno e a realización correcta, incorrecta ou non feita de cada un deles de xeito que se poida seguir claramente a evolución e o interese do alumno.

J. CRITERIOS DE AVALIACIÓN CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

K. AVALIACION INICIAL. DESEÑO DA MESMA E MEDIDAS A ADOPTAR.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Con respecto a avaliación inicial seguida para 2º da ESO tense atopado un problema recorrente nos últimos 9 anos. Dito problema consiste en que dito alumnado, con independencia do Centro do que proveñan, e salvo excepcións contadas que non adoitan chegar ao 5%, pódese dicir que carecen dos mínimos que xa deberían ter cubertos en primaria, non coñecendo siquera o nome das notas, o nome e o valor das figuras, os instrumentos principais nen as familias, etc.. e a maior parte deles sen ter siquera un acercamento ao instrumento. Deste xeito calqueira medida de reforzo ou adaptación do currículo, esperará como mínimo ao traballo da primeira avaliación, a fin de analizar con máis fundamento o avance de cada alumno para así na segunda avaliación adoptar xa as medidas que se considerasen precisas.

O anterior marxe, considerárase tamén de utilidade para as medidas de reforzo aplicables no caso dos alumnos repetidores coa materia suspensa, ou aqueles que teñan promocionado sen superala. Isto será así en 2º e 3º da ESO. Innda así, nos casos nos que non se perciba cambio poderanse aplicar dende ese momento as medidas de reforzo establecidas no seguinte apartado.

Innda así, e coa esperanza de que no presente ano as cousas sexan diferentes, farase como sempre unha avaliación inicial a fin de coñecer o asimilado polo alumnado e adaptar a metodoloxía ao caso de cada curso.

Esta avaliación inicial partirá dunha simplificación máxima dos obxectivos do curso anterior a fin de quitar unha idea o máis aproximada posible.

En 2º da ESO se se considera necesario, poderase partir dun exercicio de 24 preguntas moi sinxelas que se correspondan con cada un dos items avaliábeis en 6º de primaria. En función da puntuación acadada pola maioría, poderanse afinar os resultados con preguntas orais máis concretas, individuais ou colectivas.

En 3º e 4º da ESO, e posto que o profesor xa coñece ao alumnado, simplemente se fará unha batería de preguntas orais sobre o resumo do esencial do curso anterior e que se corresponderá en gran medida co primeiro tema do curso.

Asimesmo, e aparte desta avaliación inicial do curso, ao principio de cada unidade, o profesor poderá facer preguntas cortas para facerse unha idea máis exacta do que o alumnado coñece antes de escomezar a unidade.

L.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Plantéxase a diversidade coma un proceso no que é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función do alumnado. Neste proceso é fundamental axustar a actuación do profesor ás posibilidades reais de aprendizaxe destes alumnos, sen renunciar ós obxectivos previstos para o ciclo ou nivel. Neste senso, tal e como se establece no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro,

polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación defínense como aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

Para dar resposta a diversidade poderanse facer modificacións na programación a medida que se vaia detectando a súa necesidade. Estas modificacións poderán afectar loxicamente ós elementos non prescriptivos do currículo de xeito que a metodoloxía de cada unidade haberá de adaptarse ó contexto é o momento. Así mesmo a secuenciación dos contidos poderá variarse según se vaia detectando a necesidade, o mesmo que a organización da aula ou os propios agrupamentos dentro do grupo, todo isto irase realizando de xeito xeneral para todo o grupo ata onde sexa posible facelo sen perxudicar o grupo a fin de respetar as diferencias individuais.

Noutros casos, loxicamente haberá que realizar modificacións individuais que xa entrarían no ámbito do reforzo específico que regula a Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995).

De tódolos xeitos e antes de chegar ahí se terían sempre en conta a diferenciación entre os contidos básicos e os complementarios de xeito que se hai posibilidade de que os básicos poidan ser alcanzados por todo o grupo, non se vería a necesidade de modificacións sustanciais. Neste senso os contidos básicos se enfocarán desde distintas perspectivas e tratarase de chegar a eles a través de distintos procedementos, de tal forma que o alumno poda chegar ó obxectivo mediante unha das vías abertas. Outras posibles vías para alcanzar os fines citados poderían ser as seguintes:

- O traballo en pequenos grupos heteroxéneos onde os alumnos con mais capacidade podan axudar ós alumnos con maiores problemas, sendo unha experiencia positiva para todos.

- Organización de actividades en grupo, de repaso, para alumnos que mostren algunha dificultade.

- Reparto de papeis, por exemplo á hora da execución instrumental, atendendo ás distintas capacidades, procurando os mais sinxelos ós que presenten maiores problemas, para pouco a pouco ir aumentando a súa dificultade; a finalidade é que non se sintan frustrados e impotentes desde o principio fronte ós instrumentos musicais.

- Actitude positiva do docente ante todos os alumnos.

- No caso dun alumno con deficiencias auditivas severas aplicaranse medidas de reforzo que lle permitan participar activamente en todas as actividades na aula sen descartarse unha adaptación curricular se estas medidas non foran suficientes.

1. Contidos:

Se seleccionarán os contidos básicos:

- Os imprescindibles para aprendizaxes posteriores.
- Os que contribúan ó desenvolvemento de capacidades básicas.
- Os que resulten útiles en diversas situacións da vida cotidiá..

2. Estratexias de aprendizaxe:

Para favorecer o tratamento da diversidade se terá en conta o seguinte:

-Actividades de aprendizaxe:

- Variedade das mesmas.
- Asignar papeis de menor o maior dificultade.
- Desempeñar roles de menor o maior responsabilidade.

-Materiais didácticos diversos:

- Menor o maior complexidade.
- Fichas de reforzo o ampliación.
- Máis centrados en aspectos prácticos ligados a contidos.

-Agrupamento dos alumnos:

- Traballo en grupo-aula.
- En pequenos grupos heteroxéneos.
- En pequenos grupos homoxéneos baixo a guía do profesor.
- Outras agrupacións máis flexibles.

3. Avaliación:

Para poder atender á diversidade empregárase:

-A **avaliación inicial**, para coñecer a situación de partida de cada alumno en cada unha das unidades didácticas.

- Ter en conta as actividades de avaliación sumativa, realizando unha **gradación** das actividades, que establezca unha diferenciación entre os diversos niveis de adquisición dos contidos da área.

- Flexibilidade nos procedementos de avaliación según as posibilidades reais de desenvolvemento do alumno, sobre todo nos casos existentes de integración e diversificación pero mantendo a equiparación nos mínimos comúns esixibles .

- Adecuación metodolóxica ás necesidades do alumno en tempo, espacio, agrupamentos, materiais etc., a fin de posibilitar unha avaliación xusta do nivel do alumno.

4. Adaptacións curriculares :

Tal e como se establece no artigo 5. 3 da Orde do 6 de outubro de 1995, Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa. Partirase por tanto da avaliación inicial a fin de atopar as posibles necesidades educativas. No seu caso estableceranse as oportunas medidas ordinarias de reforzo que se estudiarán aínda con máis detenimento logo dos resultados das avaliacións. Esgotadas estas no seu caso sen resultados positivos, logo do seu

seguimento, avaliación ou modificación estudarase a pertinencia das posibles adaptacións que fosen precisas.

.Todas aquelas adaptacións curriculares que se necesiten realizar, incluíránse nos anexos ás programacións trimestrais de cada curso, detallando obxectivos e contidos mínimos. Así mesmo, manterase o oportuno contacto co Departamento de Orientación nos casos precisos.

M. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

1. Comprensión lectora e expresión oral e escrita.

A comprensión lectora e a traballarase en tódolos temas a partir da lectura de fragmentos ou artigos do libro, tanto na clase como no Aula Virtual.

A expresión escrita traballarase sobre todo nos comentarios das Audicións, así como en moitas outras actividades do Aula Virtual.

Este apartado queda claramente especificado nas actividades que se relacionan coa competencia en comunicación lingüística.

2. Comunicación audiovisual e Tecnoloxías da Información e da comunicación.

Trataranse nos contidos referidos as novas tecnoloxías, tal como se especifica na tabla de contidos mínimos, así como en todo o publicado a través do Aula Virtual

3. O emprendemento.

Tocarase especialmente en 4º no apartado das Profesións musicais, e en 3º e en 2º a partir das actividades prácticas que promoverán o tratamento das posibilidades da música nese senso.

4. A educación cívica e constitucional.

Tocarase en tódolos cursos a partir da explicación da Intensidade, a contaminación acústica, os dereitos de Autor, o respecto á cultura e á diferenza etc.

5. A igualdade.

A práctica da música na aula proporciona unha excelente oportunidade ó pedagogo para favorecer respecto mutuo entre os sexos apreciando o mesmo tempo as súas diferenzas. As coreografías, a danza, o canto, entroncándose no aspecto mutacional da idade, onde a imaxe diferenciadora persoal respecto os demais comeza a tomar forma, se converten en elementos integradores e igualadores da convivencia e do traballo en equipo co soporte do mundo sonoro musical.

- Valoración do papel das mulleres na produción musical.
- Coñecemento das aportacións das mulleres na Historia da música.
- Análise do contido sexista das tradicións populares.
- Estimula-la cooperación entre alumnos e alumnas confrontándoos cos seus propios estereotipos.

6. A resolución pacífica de conflitos e prevención da violencia.

A música converteuse nun vínculo internacional entre as xeracións e países. A comprensión das culturas alleas a través da audición, a práctica musical e a danza, así coma a análise das distintas funcións sociais da música en cada cultura proporciona os criterios necesarios para comprender mellor ós demais, e dese xeito a nós mesmos, abrindo así canles de comunicación que nos acerquen ós outros pobos.

__A área de música permite plantexar un elevado número de contidos actitudinais baseados no respecto e ós gustos musicais dos demais, ademais de darnos a oportunidade de presentar e respectar opinións de todo tipo en debates relacionados co feito musical e participar en actividades que nos permitan exercitar as normas de convivencia baseadas no respecto cós demais e co material da aula.

- Tolerancia e respecto polas formas de expresión e as capacidades vocais, instrumentais, de movemento, auditivas... dos compañeros e compañeras.
- Apertura e respecto polas manifestacións musicais doutras culturas.
- Estimular o afrontamento e utilización das formas de resolución non violenta dos conflitos.
- Reforzo do sentimento grupal e de comunidade.

7. Educación vial.

Os problemas de contaminación sonora e as distraccións que poidan ter a súa orixe no desaxeitado uso da música mentres circulamos, xa sexa coma peatóns ou coma conductores, o uso inaxeitado de auriculares, etc., deben ser tratados en relación cos contidos da área.

N. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS.

- Excursións que se poidan programar durante ó curso tanto ó auditorio de Galicia coma a outras actividades que tamén poidan xurdir ó longo do curso e que poidan depender doutras institucións polo que non é posible sabelas de anteman.
- Actuacións nos actos que se poidan programar no Centro para o día das Letras Galegas, Inauguración dalgún aula ou outros que se puidesen programar polo Departamento de actividades Extraescolares e que no seu caso incluírían o proxecto musical incluído nos contidos mínimos para 4º da ESO.

Ditas actividades coordinaríanse no seu caso, co Departamento de actividades extraescolares e figurarían tamén en dita programación.

Ñ. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA:

Os criterios fundamentais para avaliar a programación por orden de prioridade serán:

- A análise do desenvolvemento real da propia programación: Neste apartado se analizará o grado de cumprimento do previsto nela e as xustificacións e análise do non cumprido con respecto principalmente aos contidos ou á metodoloxía.

- O desenvolvemento das competencias clave do alumnado : Neste apartado terase en conta o progreso do alumnado no desenvolvemento das capacidades básicas dende o principio do curso.

- A análise dos resultados acadados polo alumnado, a análise do traballo realizado polo alumnado, a motivación do alumnado: Neste apartado analizaranse as causas principais dos resultados relacionados con eses dous factores principalmente. A motivación do alumnado terase en conta para a posible revisión ou cambio das actividades por outras alternativas que non impliquen nunca unha baixada dos mínimos plantexados por debaixo dos legalmente esixibles ao curso inferior. Os criterios de avaliación e os ítems, dado o estreito marco lexislativo serán dificilmente modificables, inda que en función dos resultados acadados, poderanse revisar os indicadores de logro dos ítems que peores resultados acaden no curso. Os contidos revisaranse tamén tendo en conta os parámetros anteditos que a fin de seleccionar aqueles que precisen unha revisión das actividades plantexadas, se ben o punto máis facilmente modificable será sempre a secuenciación dos mesmos nalgúns casos. Os cambios da metodoloxía serán os máis flexibles e se adaptarán rapidamente ás necesidades do curso, e será neste punto onde o factor da motivación pódese ter en conta como criterio principal.

- Análise dos resultados do indicador nº3 previsto para os indicadores de logro da práctica docente.

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A APLICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Ao finalizar cada avaliación no libro de actas figurará un acta na que se expondrán as porcentaxes de aprobados por curso que levará ao análise interno a fin de atopar os puntos modificables na programación. Isto non será preciso para os resultados de xuño e setembro posto que dita análise xa figurará alí con máis profundidade.

Tamén no acta mensual avaliarase o estado actual de cada curso a fin de establecer as modificacións oportunas deixando constancia no mesmo acta.

Os resultados acadados en cada un dos tres controis de cada avaliación, serán tamén un instrumento axeitado para avaliar os contidos acadados polo alumnado ou aqueles que necesitan ser reforzados.

Ao finalizar o curso logo dos exames de setembro adxuntaranse á memoria os resultados finais e procederase aos cambios oportunos na programación.

As eleccións feitas polo alumnado cando se lles deixe elixir entre opcións diversas para desenvolver algún contido tamén darán pistas a seguir nese punto.

Ao final de cada avaliación establecerase un pequeno debate co alumnado a fin de captar as súas opinións sobre o desenvolvemento da materia e captar algún punto modificable, os resultados poderán incluírse tamén no acta mensual correspondente.

Os obxectivos, contidos mínimos, e criterios de avaliación revisaranse como mínimo ao finalizar cada curso.

A metodoloxía, as actividades de reforzo e ampliación ou a temporalización interna de cada avaliación, serán os puntos máis flexibles a fin de se adaptar as necesidades individuais do alumnado.

O. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, TIC E PLAN DE CONVIVENCIA.

O proxecto lector seguirase a partir das indicacións establecidas no mesmo, así como os acordos adoptados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Claustro.

Neste senso seguirase o acordado para o establecemento do horario semanal de lectura cun mínimo de 15 minutos de lectura ao día que van rotando semanalmente de hora.

Para o fomento da lectura empregarase principalmente libros de aula e sobre todo o apartado da revista musical que figura en cada unidade. Practicarase non so a lectura conxunta senón tamén individual e en silencio procurando sempre a comprensión dos textos que logo se poderán debatir en común.

O apartado refectente as TIC terá uns contidos mínimos específicos en cada curso como se pode ver no cadro correspondente dos contidos mínimos. Asimesmo o uso das TIC será un medio habitual na metodoloxía da materia que irá dende o uso do Ordenador como axuda para as explicacións por medio de visualizacións, audicións, exercicios, programas específicos feitos para o alumno, traballo a través da rede... ata o uso das demais tecnoloxías dende a tv ata o retroproector ou calquer outro soporte tecnolóxico axeitado para axudar ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por outra banda, o 25% da puntuación pode ser acadada a partir do Aula Virtual, con todo o que isto significa para a promoción das tic.

Asimesmo seguiranse tamén as indicacións establecidas no Plan de Convivencia do centro, ademáis da promoción de todos os elementos transversais referidos precisamente a convivencia, sociabilidade e resolución pacífica de conflitos. Hai que ter en conta que unha parte moi importante desta materia incide dun xeito tremendamente directo neses ámbitos, polo que o seguimento das normas de comportamento é un instrumento vital para dita contribución.